



Advertidos erros na redacción da Resolución Reitoral do 27 de xuño de 2022 pola que se aproba a Normativa de Xestión Académica da Universidade da Coruña para o curso académico 2022/2023, fanse constar as seguintes correccións no epígrafe 8.4.4:

Onde di:

"A solicitude debe presentarse nos seguintes prazos:

1. Estudantes sen solicitude de bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional:
 - a) Materias de primeiro cuadrimestre ou anuais: antes do 24 de setembro de 2022.
 - b) Materias de segundo cuadrimestre: antes do 23 de febreiro de 2023.
2. Estudantes con solicitude de bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional: **antes do 16 de decembro de 2022.**

Establécense os seguintes límites á ampliación de materias recollidas neste epígrafe:

1. Estudantes de primeiro curso por primeira vez:
 - a) Con réxime de dedicación a tempo parcial: unicamente poderán solicitar a ampliación de materias do primeiro curso, sen que a variación supoña cambio de dedicación. Para a consideración do número total de créditos matriculados por estes estudantes aplicarase o recollido no número **1** do epígrafe 8.4.3. anterior.
 - b) Con réxime de dedicación a tempo completo: non poderán facer uso da posibilidade recollida neste epígrafe.
2. Estudantes de continuación de estudos:
 - a) Con réxime de dedicación a tempo parcial: non poderán modificar a súa dedicación por mor da ampliación solicitada. O cálculo do número total de créditos matriculados realizarase conforme se recolle no número **1** do epígrafe 8.4.3.
 - b) Con réxime de dedicación a tempo completo: o cálculo do número total de créditos matriculados realizarase conforme se recolle no número **2** do epígrafe 8.4.3."

Debe dicir:

"A solicitude debe presentarse nos seguintes prazos:

1. Estudantes sen solicitude de bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional:
 - a) Materias de primeiro cuadrimestre ou anuais: antes do 24 de setembro de 2022.
 - b) Materias de segundo cuadrimestre: antes do 23 de febreiro de 2023.
2. Estudantes con solicitude de bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional:
 - a) Materias do primeiro cuadrimestre ou anuais: antes do 24 de setembro de **2022.**
 - b) Materias de segundo cuadrimestre: antes do **16 de decembro de 2022.**

Establécense os seguintes límites á ampliación de materias recollidas neste epígrafe:

1. Estudantes de primeiro curso por primeira vez:
 - a) Con réxime de dedicación a tempo parcial: unicamente poderán solicitar a ampliación de materias do primeiro curso, sen que a variación supoña cambio de dedicación. Para a consideración do número total de créditos matriculados por estes estudantes aplicarase o recollido no número **2** do epígrafe 8.4.3. anterior.
 - b) Con réxime de dedicación a tempo completo: non poderán facer uso da posibilidade recollida neste epígrafe.
2. Estudantes de continuación de estudos:
 - a) Con réxime de dedicación a tempo parcial: non poderán modificar a súa dedicación por mor da ampliación solicitada. O cálculo do número total de créditos matriculados realizarase conforme se recolle no número **2** do epígrafe 8.4.3.
 - b) Con réxime de dedicación a tempo completo: o cálculo do número total de créditos matriculados realizarase conforme se recolle no número **2** do epígrafe 8.4.3."

O Reitor

Julio E. Abalde Alonso

| Código Seguro De Verificación | Z+88ggfYTEZe5P5zDBit4Q== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---|---------|---------------------|
| Asinado Por | Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso | Asinado | 19/07/2022 12:37:22 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/Z+88ggfYTEZe5P5zDBit4Q== | | |
| Normativa | Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015). | | |

